



ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE VILANOVA DE AROUSA

ÍNDICE:

CAPÍTULO I DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE.

ANEXOS:

I - PREGOS DE CONDICIÓNS DAS AUTORIZACIÓNS

II.- IDENTIFICACIÓN DAS PRAZAS DE ATRAQUE OBXECTO DA CONVOCATORIA.

III – MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN.

IV – MODELO DE IMPRESO DE DOMICILIACIÓN BANCARIA.



PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE VILANOVA DE AROUSA

CAPÍTULO I

DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE

1.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE.

As autorizacións de atraque obxecto deste prego adxudicaranse mediante convocatoria pública, de conformidade co procedemento establecido neste Prego de Bases e no prego de condicións incluído no Anexo I.

2.- TIPOS DE PRAZAS E TARIFAS A SATISFACER POLOS ADXUDICATARIOS

Os solicitantes poderán optar por solicitar unha autorización de atraque nunha das prazas de atraque postas a disposición, segundo o indicado no plano que se xunta como Anexo II. Os tipos de praza a solicitar son os seguintes:

Tipo de praza	Dimensións nominais das prazas de atraque (lonxitude x anchura)	Dimensións máximas das embarcacións (eslora x manga)
A	6,00 x 3,10 = 18,60 m ²	6,00 x 2,50 m ²
B	8,00 x 3,75 = 30,00 m ²	8,00 x 3,00 m ²
C	10,00 x 4,25 = 42,50 m ²	10,00 x 3,65 m ²
D	12,00 x 5,15 = 61,80m ²	12,00 x 4,50 m ²
E	16,00 x 6,10 = 97,60 m ²	16,00 x 5,25 m ²

A identificación e situación das distintas prazas reflíctese no plano incluído no Anexo II do presente Prego de Bases.

Portos de Galicia adxudicará as mesmas en función da mellor ordenación das prazas que considere para a maior operatividade do porto.

Portos de Galicia, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, poderá, se así o estima conveniente, modificar as dimensións e emprazamento das prazas para adaptar a distribución das mesmas ó resultado da convocatoria. Asemade, se como resultado da convocatoria fose necesario ampliar ou reducir a oferta de prazas de amarre, redistribuír as existentes, renumerar as mesmas ou variar a posición das existentes, poderá facelo de maneira xustificada, tendo dereito o solicitante que se vira afectado polas modificacións a renunciar á autorización adxudicada sen dereito a indemnización algunha.

O adxudicatario deberá abonar a Tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo (Na actualidade a Tarifa X-5 das contempladas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. D.O.G. nº 240, do 11 de decembro de 2003).



Para o abono da tarifa X-5 considerarase que a embarcación ten base no porto, polo que en virtude da regra sétima da citada Lei 6/2003, esixirase ó concesionario o pago por semestres naturais adiantados da tarifa mediante domiciliación bancaria.

Así mesmo, o concesionario deberá abonar á Entidade concesionaria da xestión das instalacións, as tarifas de explotación e de conservación aprobadas por Portos de Galicia, e que en ningún caso excederán, no caso de embarcacións atracadas a pantaláns, de **16 €/m²/ano** ano para embarcacións con eslora menor de 12 metros; e **18 Euros/m²/ano**, para o resto das embarcacións, correspondendo os m² á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación segundo a distribución que se inclúe no cadro seguinte:

TAMAÑO PRAZA	SUP PRAZA (M2)	ESLORA MÁXIMA	MANGA MÁXIMA
6x3,1	18,60	6,00	2,5
7X3,43	24,01	7,00	2,7
8X3,75	30,00	8,00	3,0
9X4	36,00	9,00	3,2
10X4,25	42,50	10,00	3,5
11X4,73	52,03	11,00	3,9
12X5,2	62,40	12,00	4,2
13x5,38	69,94	13,00	4,3
14X5,55	77,70	14,00	4,4
15X 5,83	87,45	15,00	4,6
16X6,1	97,60	16,00	4,9

3.- PRAZO DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións de atraque adxudicaranse polo prazo indicado no prego de condicións incluído no Anexo I.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1.- As persoas ou entidades que desexen solicitar as autorizacións de atraque obxecto deste prego deberán dirixir ó Ente Público Portos de Galicia unha solicitude conforme ó modelo que se incorpora a este prego como ANEXO III, acompañadas da documentación que se sinala a continuación. As solicitudes, acompañadas de dita documentación, presentaranse no Rexistro Xeral de Portos de Galicia, dirixidas ó Presidente do mesmo ou na forma indicada no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.

A data de inicio do prazo de presentación de solicitudes indicárase no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, e Portos de Galicia resérvase o dereito de pechalo cando así o estime oportuno, rexendo en todo caso as condicións previstas nesta convocatoria e sen prexuízo das actualizacións dos prezos sinaladas no prego de condicións que rexe a mesma.



Nembargante, e a efectos de regularizar e adjudicar as autorizacións de atraque segundo se van recibindo solicitudes, cada mes se realizará unha preasignación e posterior adjudicación das solicitudes que se recibiran durante ese período; contando, a efectos de prioridade, o sinalado na condición 7ª do presente prego de bases entre as solicitudes recibidas ata ese período concreto.

4.2.- Documentación a presentar.

Xunto coa solicitude, os solicitantes deberán presenta-la seguinte documentación:

1.- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante, consistente en:

- Se é persoa física: Copia do D.N.I. e N.I.F.
- Se é persoa xurídica: escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, mediante a escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial. Neste caso, as persoas que asinen a solicitude en nome da persoa xurídica, deberán acredita-la representación ca que actúan mediante poder bastanteado ó efecto por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

2.- Copia compulsada e actualizada do certificado de navegabilidade e folia de asiento da embarcación que utilizará a praza solicitada, na que figuren como mínimo os datos seguintes: nome da embarcación, folio, propietario e dimensións. (No caso de que estea en trámites de actualización deberá presentar o xustificante conforme se está tramitando dita actualización en Capitanía Marítima). Para que a copia da documentación se considere actualizada deberá estar compulsada pola Capitanía Marítima cunha anterioridade máxima dun ano contado a partir da data de publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio da convocatoria.

3.- Copia compulsada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formalice a solicitude.

4.- O impreso de domiciliación bancaria para o cobramento da Tarifa X-5 , debidamente cuberto e selado pola entidade bancaria correspondente.

Os interesados que non dispoñan de embarcación, non poderán solicitar unha autorización de atraque

5.- SELECCIÓN DOS ADJUDICATARIOS

A orde de prioridade na selección e adjudicación das autorizacións de atraque solicitadas virá determinada polas seguintes consideracións indicadas por orde preferente:

1º.- Aquelas embarcacións que, sendo presentadas as solicitudes en prazo e correctamente, non dispoñan de ningunha outra praza de atraque en ningún porto galego.

2º.- Data e hora de presentación das correspondentes solicitudes. Se por calquera causa non se acreditase a hora na solicitude polo organismo oficial correspondente, computarase como hora de entrada en rexistro as 14:00 h.



As solicitudes que non presenten toda a documentación esixida na base 4 non serán tidas en conta. En caso de que se presenten solicitudes coa documentación incompleta, e esta se complete posteriormente, a data e hora que se considerará para a selección será a do rexistro da última documentación presentada.

Os solicitantes que non poidan obter unha autorización de atraque poderán acceder a unha lista de espera, das que se formará unha por cada categoría de prazas existentes no porto, para a adxudicación das prazas de atraque que poidan quedar posteriormente dispoñibles por calquera motivo.

6.- ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE

Á vista das solicitudes presentadas e dos criterios propios da axeitada explotación portuaria, Portos de Galicia adxudicará as correspondentes autorizacións de atraque, previos ós trámites que procedan. Asemade, no intre en que Portos de Galicia adxudique as autorizacións de atraque, procederase á liquidación con cargo en conta da taxa portuaria correspondente segundo o disposto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

7.- POSTA A DISPOSICIÓN DAS PRAZAS.

As prazas entregaranse no intre en que sexa adxudicada a autorización de atraque.

En Santiago de Compostela, xaneiro de 2005

A DIRECTORA DE PORTOS DE GALICIA

Asdo.:Ana Isabel Calzadilla Bouzón